



Galicia

## SUBE O DESEMPREGO FEMININO E EN MENORES DE 25 ANOS

*O bo dato do paro rexistrado do mes de agosto en Galicia non pode ocultar os altos índices de rotación laboral e de precariedade*



**Redacción.-** UGT-Galicia considera que o bo dato do paro rexistrado do mes de agosto en Galicia non pode ocultar os altos índices de rotación laboral e precariedade, eivas que están lastrando ao mercado laboral da nosa Comunidade. Ademais, a estacionalidade e a precariedade na contratación non serven para reducir a brecha laboral e de idade, xa que o paro segue a cebarse no colectivo de mulleres e mozos. Por se non fora pouco, as taxas de cobertura por desemprego seguen moi baixas e as prestacións perden o seu carácter contributivo

En agosto de 2017 estiveron 181.125 persoas desempregadas, segundo os datos publicados hoxe polo SEPE. Esta cifra supón un descenso mensual de -746 persoas con respecto a xullo (o -0,41%) e o dato interanual amosa un descenso do 6,17%, é dicir, 11.920 parados rexistrados menos que no mes de agosto de 2016.

No Estado se incrementa o paro rexistrado en 46.400 persoas con respecto ao

mes anterior, o que supón un aumento do 1,39%, e con respecto ao mesmo mes do ano anterior o descenso acadada 315.172 desempregados menos o -8,52%.

No mes de agosto o paro rexistrado no Servizo público de emprego reduciuse en termos mensuais en 746 persoas. O paro rexistrado é desigual segundo o sexo, descende en 899 no paro masculino e aumenta en 153 no desemprego feminino.

A redución do desemprego en agosto de 2017 en 746 persoas, céntrase sobre todo no descenso en dous sectores, agricultura, gandería e na construción, e base en contratos temporais e cada vez máis precarios.

E non só precariedade nos que están dentro do mercado laboral, senón que a precariedade chega ao desemprego, as prestacións por desemprego cobren pouco máis da metade dos desempregados.

Por sectores, o desemprego rexistrado diminúe en todos os sectores, pero é máis acusado o descenso en construción con 391 desempregados menos e na agricultura e gandería con 275 desempregados menos.

### O desemprego segue castigando ás mulleres e aos máis xóvenes

O octavo mes do ano descende o desemprego masculino en 899 persoas, o -1,15%, peor evolución ten o paro feminino que se incrementa en 153 persoas en termos absolutos e o 0,15% en termos relativos, en relación ao mes anterior.

Todo isto amosa a maior debilidade da recuperación do emprego feminino e a brecha mulleres-homes en torno ao desemprego, de feito hai unha tendencia clara de aumento do peso feminino no total, acadando nada menos que o 57,2% do desemprego é feminino.

	Paro total	Agricultura e Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Variación absoluta mes anterior</b>	<b>-746</b>	<b>-275</b>	<b>-28</b>	<b>-391</b>	<b>-8</b>	<b>-44</b>
<b>Variación relativa</b>	<b>-0,41</b>	<b>-4,33</b>	<b>-0,13</b>	<b>-2,14</b>	<b>-0,01</b>	<b>-0,27</b>

En agosto continuaban como parados rexistrados 8.621 ozos e mozas menores de 25 anos. O desemprego entre os menores de 25 anos aumenta no mes de agosto en 81 persoas, o 0,95%, ao contrario do total de idades, o -746 (-0,41%)

### Se segue abusando da contratación temporal

Só o 5,66% dos contratos asinados no mes de agosto foron indefinidos; a maior debilidade da recuperación do emprego feminino fronte ao masculino e a extensión da brecha entre homes e mulleres no desemprego; Hai unha clara estacionalidade no mercado laboral, e cada vez máis acusada, 90.305 contratos rexistrados nun mes son temporais, para un mercado laboral no que hai 998.891 cotizantes á Seguridade Social.

É unha boa noticia que o emprego aumente (a afiliación medrou en 2.293 cotizantes) e que descenda o paro. É o esperable nunha economía que medra a un ritmo do 3%, pero Galicia segue amosando unha crise de emprego, cunha taxa de paro

de 16,1%, unha crise non só de cantidade, senón especialmente de calidade.

Porque cos datos de agosto ponse de releve que as empresas galegas seguen facendo só contratos temporais, hai un claro abuso da contratación temporal.

No mes de agosto acádase unha cifra total de 95.720 contratos, inferior a do mes de xullo, pero todavía moi elevada. A porcentaxe de indefinidos é tan só do 5,66%, mentras que os temporais acadaron a cifra de 90.305. Dos contratos asinados, o 94,3% foron temporais.

Trátase polo tanto dun emprego moi precario, xa que a gran maioría son contratos temporais.

### Baixa e preocupante cobertura de desemprego

Ademais, as prestacións por desemprego continúan baixo mínimos, a taxa de cobertura no mes de xullo (os datos publícanse cun mes de retraso respecto dos de paro rexistrado) é de tan só o 52,3%. É di-

cir, pouco máis da metade das persoas desempregadas rexistradas no servizo público de emprego reciben algunha prestación, maioritariamente de carácter asistencial (el 60% es de este tipo, fronte a solo un 40% contributiva).

Só o 5,66% dos contratos asinados no mes de agosto foron indefinidos; a maior debilidade da recuperación do emprego feminino fronte ao masculino e a extensión da brecha entre homes e mulleres no desemprego son as eivas que lastran o mercado laboral de Galicia.

Hai unha clara estacionalidade no mercado laboral, e cada vez máis acusada, 90.305 temporais contratos rexistrados nun mes para un mercado laboral no que hai 998.891 cotizantes á Seguridade Social.

O número de beneficiarios de prestacións en xullo de 2017 (último dato dispoñible) foi de 86.644, amosa unha nova caída mensual, -719 beneficiarios menos que en xuño de 2017. A taxa de cobertura foi do 52,3%, deixando fora do sistema de protección por desemprego a máis de 95.227 desempregados.

## NO INICIO DO CURSO ESCOLAR, FESP-UGT INSTA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A QUE ELIMINE A PRECARIIDADE EDUCATIVA EN GALICIA

**Redacción.-** FeSP-UGT Ensino instou á Consellería de Educación a que abra o diálogo social para poñer fin á precariedade educativa en Galicia. Esta organización sindical insistiu, no seu análise do inicio do curso escolar 2016/17, en que os orzamentos adicados pola Xunta de Galicia a Educación son insuficientes e moito máis tendo en conta os fortes recortes sufridos neste sector nos últimos anos con motivo da crise económica. O incremento dos orzamentos da Xunta de Galicia foi dun 4,8%, mentres que nos adicados a Educación o aumento foi so dun 2,9%.

O mércores celebrou unha comparecencia ante os medios de comunicación para falar sobre o inicio do curso escolar, coa participación de Delia Irene Martínez, Secretaria xeral de FeSP-UGT Galicia; Gerardo Morano Díaz, secretario do Sector de Ensino de FeSP-UGT e os representantes dos sectores de Ensino Público, Paula Carreiro; do Privado, Manuel Alonso e da Universidade, Benjamín Rey.

A secretaria xeral de FeSP-UGT Galicia recordou que no mes de marzo asinou co Goberno central un acordo para a mellora do emprego co fin de reducir a temporalidade dos empregados/as públicos/as. Este acordo debería verse reflectido na constitución de mesas de negociación, algo que non se levou a efecto, e a



Consellería, de forma unilateral, anunciou a creación de novas prazas, "aínda insuficientes".

Por este motivo, "esiximos á Consellería unha negociación dun acordo de emprego na nosa comunidade e a recuperación dos postos de traballo perdidos".

Pola súa banda, Gerardo Morano insistiu na necesidade de racionalizar o calendario, con tres períodos lectivos similares separados polas vacacións de Nadal e as de Primavera, así coma na oposición desta organización sindical aos "autobuses compartidos", que se porán en marcha este curso.

O responsable da Universidade de UGT-Galicia, Benjamín Rey, insistiu na negativa da Administración a crear unha mesa de negociación para falar de salarios e servizos; mentres que o portavoz do Ensino Privado, Manuel Alonso, falou sobre a necesidade de recuperar o poder adquisitivo perdido nestes anos de crise.

Por último, a responsable de ensino público, Paula Carreiro destacou os postos de traballo perdidos polas peches de centros (27 postos directos), e recordou que hai meses UGT solicitou a creación dunha mesa técnica para ver o mapa dos centros, "sen resposta". Tamén destacou que neste inicio de curso aumenta a provisionalidade e falta de estabilidade do profesorado.

## EN SETE ANOS OS RECURSOS DESTINADOS A POLÍTICAS DE EMPREGO CAERON A 38%



**Redacción.-** Os recursos destinados á protección por desemprego seguen caendo? O 38% en sete anos, e o 3,93% nos PGE para 2017, a pesar de que a situación dos desempregados cada vez é peor, pois a taxa de cobertura pasou do 78,4% en 2010 a preto do 54% en 2017. As bonificacións á contratación non deixan de aumentar mentres diminúe a maioría de partidas ao emprego, como as de persoal dos Servizos Públicos de Emprego. UGT acusa o Goberno de facer prevalecer nas políticas os criterios económicos aos criterios sociais e iso a pesar da boa marcha da nosa economía. A recuperación económica ten que trasladarse a todos os traballadores e traballadoras, tamén aos desempregados. O sindicato insiste nun Plan de Choque polo Emprego que atenda con especial atención ás persoas desempregadas con maiores dificultades de inserción, como maiores de 50 anos e novos, así como medidas de políticas activas centradas na empleabilidade das persoas e desenvolvidas a partir duns Servizos Públicos de Emprego de calidade.

Os Orzamentos Xerais do Estado (PGE) para 2017 recortan o gasto en emprego un 3,93%, intensificando a precarización que estas políticas sufriron en España nos últimos anos. Un descenso que se acumula aos de anos anteriores e deriva nunha perda de recursos para políticas de emprego do 38% entre 2010 e 2017.

Por unha banda, a contía programada para prestacións por desemprego descende a 18.027 millóns de euros, un 6,7% menos que nos PGE 2016, nunha situación na que máis de 4,2 millóns de persoas (segundo a EPA) están en paro, a taxa de cobertura non logra subir do 55% e case 6 de cada 10 desempregados leva buscando emprego máis dun ano.

Doutra banda, o orzamento que aglutina as partidas de políticas activas de emprego, dótese de 5.575 millóns, un 6,36% máis que en 2016, pero cuxo ascenso non se destina a mellorar os servizos públicos de emprego. O aumento concéntrase no pago das bonificacións nas cotizacións á seguridade social por contratación (que crece un 11,67%, ata 1.825 millóns, o que supón un terzo do conxunto de políticas activas, aumentando cada ano o seu peso no total).

En 2010, con 4 millóns de desempregados, unha taxa de cobertura do 78,4% e un cociente de paro de longa duración inferior ao 43%, o orzamento total alcanzou 38,7 millóns

de euros. Agora, en 2017, con 3,46 millóns de persoas rexistradas como paradas, unha cobertura inferior ao 54% e unha taxa de desemprego de longa duración do 54,4%, o orzamento é só de 23,9 millóns.

### Descenso continuado

Desde 2010, o descenso prodúcese tanto na partida de prestacións como nas políticas activas. E non se entende como o gasto total en políticas do mercado de traballo caia de novo en 2017, nun contexto macroeconómico marcado pola recuperación, tal e como asegura o goberno na súa actualización do cadro macro, e dun axuste fiscal menos esixente.

O orzamento de 2017 é insuficiente para atender a máis de 3,46 millóns de parados, tendo en conta que por cada desempregado rexistrado nos Servizos Públicos de Emprego van destinar 6.932 euros, 2.603 euros menos que en 2010 (9.535 euros) e moi lonxe dos niveis europeos de referencia.

Desde UGT vimos denunciando que o criterio seguido nos orzamentos é puramente económico e baséase nunha previsión sobre a creación de emprego que peca de excesivo optimismo. Para UGT este criterio non pode prevalecer, porque o descenso no gasto en prestacións por desemprego non só é consecuencia do menor número de persoas desempregadas (ás veces que nin sequera atopan un emprego e pasan á inactividade por efecto desánimo, sen protección), senón sobre todo do endurecemento das condicións de acceso ás prestacións, do esgotamento dos períodos de prestación contributiva pola extensión da situación de desemprego, do descenso do número de beneficiarios e tamén das menores contías medias recibidas. Factores que conduciron a unha rebaixa da taxa de cobertura, que pasou do 78,4% en 2010 ao 53,75% en abril de 2017.

Para UGT outros criterios non económicos son determinantes e céntranse na situación de desprotección das persoas. Non é coherente este orzamento cun país que, a pesar do crecemento do emprego (de peor calidade, iso si) presenta unha taxa de paro do 18,75%; con 4,2 millóns de parados (EPA).

Os últimos datos tamén sinalan que o 54,4% das persoas en paro leva máis dun ano buscando emprego (moi por encima do 42,6% do ano 2010), sendo moi elevada a incidencia

das persoas que levan buscando emprego máis de dous anos (o 40% dos desempregados).

### Situación de necesidade

Con todo iso, UGT manifesta que hai situacións de necesidade provocadas polo desemprego, que deben ser atendidas. Que non se pode limitar exclusivamente a protexer segundo a actual normativa; e non só non debe reducirse, senón que debe aumentar para dar maior cobertura. Pois hai que convencerse de que non é a mellora do emprego a que está a reducir os gastos desta partida, senón o enfraquecemento do sistema de cobertura.

Ademais, trátase dun orzamento desigualmente repartido. O incremento do gasto en políticas activas queda absorbido polo aumento de determinadas partidas, que teñen como destino as bonificacións para todo tipo de contratación. Non está orientado, como expón UGT, a itinerarios de inserción e a mellorar a empleabilidade das persoas, mediante a mellora dos servizos públicos de emprego, senón a subvencionar, de forma ineficiente, a contratación.

### As bonificacións á contratación aumentan mentres recortan o resto de partidas

A partida de bonificacións á contratación crece un 11,67%, pasando de 1.635 millóns a 1.825, cun peso cada vez maior na contía total de políticas activas (do 33% en 2017, fronte ao 31% en 2016). A aposta do Goberno por este tipo de medidas é clara. UGT lembra que hai que avaliar estas medidas pola posible existencia de peso morto nos contratos realizados, pois poderían ser contratacións que levasen a cabo sen a axuda.

Por último, para UGT é incompreensible que as partidas de gastos de persoal do Servizo Público de Emprego Estatal e de modernización dos servizos públicos de emprego permanezan conxeladas outro exercicio máis.

En definitiva, desde UGT vimos reclamando un plan de choque que atenda con especial atención ás persoas en desemprego con maiores dificultades de inserción, como maiores de 50 anos e novos, así como medidas de políticas activas centradas na empleabilidade das persoas e desenvolvidas a partir de servizos públicos de emprego de calidade.

## UGT PRESENTA UNHA REDE SOCIAL PARA TRABALLADORAS/ES DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**Redacción.**- A Federación de Empleados e Empleadoas dos Servizos Públicos (FeSP) de UGT deseñou a rede social Traballar no Público que informa e permite ordenar e canalizar a información sobre toda Oferta de Emprego Público (OEP) que se convoque no país. O seu obxectivo é darlle a máxima difusión a todas as prazas que se convoquen desde as distintas administracións públicas e facilitar o acceso aos cidadáns.

Esta ferramenta interesará especialmente a todas as persoas que queiran optar pero tamén a quen xa están dentro da Administración e pretendan concursar dentro da súa categoría, etc.

Calquera persoa poderá acceder a todas as novidades sobre emprego público (convocatorias de oposicións, bolsas de emprego, lexislación, bolsas e axudas, acordos e convenios, formación, temarios, etc.) que vaian publicando de maneira oficial as distintas administracións (local, autonómica e estatal).



A rede, pioneira no seu xénero, está deseñada en grupos de traballo, e nela publicarase a información por sectores laborais (sanidade, ensino, xustiza, servizos sociais, AGE, local, autonómico, policía, bombeiros, etc.) e por territorios (comunidades e cidades autónomas).

Todas as publicacións permiten realizar un seguimento das mesmas. Desta maneira, se unha persoa adscribese ao seguimento dunha publicación recibirá toda a información do proceso selectivo no que teña interese conforme este se vaia actualizando (datos e lugares das probas, listaxes de admitidos e excluídos, períodos de reclamación, exercicios, etc.).

A ferramenta que se presenta é unha plataforma totalmente gratuita e que proporcionará ao usuario toda a información -diariamente actualizada- de tanta novidade xurda no referente ás Ofertas Públicas de Emprego. Lembremos que este ano se van a ofertar 67.000 prazas novas e ao redor de 300.000 ata 2019, estas últimas dirixidas a interinos e eventuais que queiran optar a praza fixa

## A CES DENUNCIA O INCREMENTO DA BRECHA SALARIAL ENTRE OS TRABALLADORES EUROPEOS

**Redacción.**- A Confederación Europea de Sindicatos nun informe denuncia a brecha salarial que existe entre os traballadores europeos, dos países do Leste e do Oeste.

En 2004, esta brecha salarial podía oscilar entre o 42% (o caso de Estonia) e o 18% (no caso de Bulgaria), respecto dos países da UE-15. Só os traballadores de Eslovenia gañaban algo máis da metade (60% de salarios medio da UE-15).

Aínda que a brecha salarial entre os países do leste e oeste de Europa reduciuse a partir de 1990 e durante a maior parte dos anos 2000, a crise económica de 2008 puxo fin a este desenvolvemento positivo.

En 6 dos 11 países de Europa oriental, a brecha salarial ampliouse de novo entre 2008 e 2016. A caída máis dramática produciuse en Croacia e en Hungría, onde os salarios caeron do 43% ao 37% e do 35% ao 28% da media da UE15.

A brecha tamén aumentou en Polonia (onde os traballadores gañaban o 29% da media da UE15 en 2016 fronte ao 31% en 2008), Rumania, a República Checa e Eslovenia.



A Secretaria Confederal da CEC, Esther Lynch, denunciou que "a brecha salarial Este-Oeste na UE é sorprendentemente grande", e é o resultado de "a explotación dos traballadores onde os sindicatos e a negociación colectiva son débiles."

Asegurou que "durante a crise, os recortes salariais foron máis xeneralizados e os aumentos salariais máis baixos na UE oriental, onde os empregadores podían permitirse facer case calquera cousa. Por suposto, as diferenzas na produtividade e o custo de vida explican en parte as diferenzas salariais, pero non xustifican tales diferenzas salariais".

Lynch afirmou que "os traballadores na UE do leste deben beneficiarse de aumentos salariais que van máis aló da inflación e

os aumentos de produtividade para compensar a explotación que sufriron no pasado". Neste sentido, dixo que "a UE e os gobernos nacionais deben fomentar a negociación colectiva, así como organizacións sindicais e patronais fortes. As empresas multinacionais que operan no Leste da UE deben pagar salarios máis xustos e respectar o dereito dos seus traballadores para negociar colectivamente. Moitas destas empresas respectan xeralmente os dereitos sindicais no seu país de orixe, pero non tanto nas súas operacións na UE oriental. Tamén se necesita un aumento dos salarios mínimos para alcanzar un limiar decente e elevar os niveis salariais en xeral".

Por todo iso, a CES esixe que o salario mínimo non sexa inferior ao 60% do salario medio e que avance cara a un salario digno

# PRIORIDADE SINDICAL: REPARTIR A RIQUEZA

Álvarez apela ao diálogo para resolver a situación en Catalunya

**Redacción.-** O Secretario Xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "o obxectivo fundamental" do sindicato no novo curso político é a repartición equitativa da riqueza que se xera no noso país, e recoñeceu que lle produce ruborizo que despois de tres anos de crecemento consecutivo do PIB, persistan bolsas de pobreza e marxinalidade, que non só non se reduciron senón que nalgúns casos incrementáronse. Un dato que contrasta co aumento do número de multimillonarios durante a época de crise.

## PGE 2018

Respecto dos PGE para 2018 dixo que deben apostar polas políticas sociais, emprego estable e con dereitos e un cambio do modelo produtivo que aposte pola industria e un modelo enerxético adecuado ás necesidades do noso país.

Solicitou ao Goberno que, en lugar de baixar impostos, faga todo o contrario e persiga a fraude fiscal, que está en torno ao 20-25% e a elusión fiscal das grandes empresas. Para iso, a axencia tributaria debe ter máis medios. Álvarez sinalou a necesidade de aumentar a recadación de maneira máis xusta e equitativa, cre-

ando novos impostos e facilitando o financiamento da Seguridade Social. Porque o sistema ten un problema de ingresos, non de gastos.

Tamén pediu que os PGE revertan os recortes de dereitos en materia educativa, sanitaria, protección por desemprego, pensións, etc.

Con respecto á industria, Álvarez lembrou a necesidade de crear unha subcomisión sobre esta materia no ámbito parlamentario, tal e como se comprometeu o presidente do Goberno con UGT, e máis investimentos para modernizar e reindustrializar o noso país. Porque máis e mellor industria supón máis e mellor emprego.

## Negociación colectiva

O Secretario Xeral de UGT manifestou que a "negociación colectiva é un elemento fundamental e "hánnola laminado coa reforma laboral". Neste sentido dixo que a patronal non facilitou un Acordo para 2017 e que os sindicatos están a traballar xa para acordar unha estratexia que pasa por un novo AENC que



mellore os salarios pero inclúa un mínimo salarial en todos os convenios (un mínimo que UGT pide que sexa de 1.000 euros ao mes, tal e como esixiu na campaña que puxo en marcha #PonteAMil.

UGT lembra que tamén demanda ao Goberno que o SMI alcance os 1.000 euros mensuais ao final da lexislatura.

## Catalunya

O Secretario Xeral de UGT apelou á política, ao diálogo e ao acordo para resolver a actual situación en Catalunya. "Esa é a mellor contribución que se pode facer á sociedade catalá e española". Neste sentido, afirmou que UGT é unha organización internacionalista á que non lle corresponde resolver esta situación e que entre os seus afiliados hai distintas opinións que hai que respectar.

# UGT e CCOO DEMANDAN QUE OS PGE 2018 FAGAN PARTÍCIPE Á CIDADANÍA DO CRECEMENTO ECONÓMICO

**Redacción.-** UGT e CCOO demandaron ao Goberno, na reunión que mantiveron onte, que os Orzamentos Xerais do Estado para 2018 aposten por un crecemento inclusivo para que a riqueza chegue a todos os cidadáns. As Contas do Estado deben priorizar políticas que faciliten o emprego estable e con dereitos, a recuperación do poder adquisitivo dos traballadores (incluídos os empregados públicos) e dos pensionistas, entre outros e a calidade dos servizos públicos.

Así mesmo, deben apostar por un incremento significativo do Salario Mínimo Interprofesional, de tal forma que antes de final da lexislatura chegue aos 1.000 euros mensuais, e avanzar cara ao necesario cambio do noso modelo produtivo, destinando máis recursos á Industria, a I+D+i e á formación dos traballadores.

Os Secretarios Xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Xordo, solicitaron na reunión sobre PGE 2018, que mantiveron onte co ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro, e a mi-

nistra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, que as Contas Públicas orientense á creación de emprego estable e con dereitos e a que o crecemento económico chegue a todas as persoas, porque non é de recibo que despois de tres anos consecutivos de crecemento económico (o PIB crece ao ritmo do 3,5% en 2016 e 2017) e nun momento en que os beneficios empresariais xa están nos mesmos niveis que antes da crise, os salarios sigan estancados, os servizos públicos deteriorouse e persistan os actuais niveis de pobreza e desigualdade.

Nesta primeira reunión, o Goberno comprometeuse coas organizacións sindicais a analizar en profundidade as partidas orzamentarias concretas e en convocar ás Federacións de empregados públicos para abordar, non só os aspectos relacionados coas rendas salariais, senón en todo aquilo que afecta as súas condicións de traballo e de negociación colectiva.

CCOO e UGT reiteraron ao Goberno que é preciso poñer en marcha un plan de choque

polo emprego e que os PGE para 2018 contemplen maior gasto en políticas sociais, para reforzar o noso xa debilitado Estado de Benestar. É necesario que os pensionistas e os empregados públicos recuperen o poder adquisitivo perdido e que ambos os colectivos deixen de ser a ferramenta de axuste fiscal que utiliza o Goberno para cumprir os seus compromisos de estabilidade con Bruxelas. Doutra banda, resulta imprescindible restablecer as partidas que o Goberno ignorou para as políticas de igualdade, especialmente no que fai referencia á violencia de xénero.

Así mesmo, ambas as organizacións sindicais han solicitado que os Orzamentos aposten polo necesario cambio do noso modelo produtivo, apoiando cos recursos necesarios, unha política industrial xeradora de emprego de calidade. É preciso falar de investigación, innovación e formación dos traballadores e da necesidade de poder chegar a un acordo estratéxico que nos permita que a enerxía sexa limpa e á vez teña un prezo razoable, tanto para a industria como para os consumidores.